



ACTIVIDADES DENDE A AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

PARA 3º DE PRIMARIA

Dende a aula de Pedagogía Terapéutica propoñemos estas suxerencias, pautas e actividades que poden ser atractivas, motivadoras e que ao mesmo tempo poden potenciar e reforzar as súas capacidades.

Iniciaremos facendo fincapé nunhas pautas básicas:

- ✚ É fundamental manter unha rutina cun horario que sexa flexible pero estable ao mesmo tempo.
- ✚ Realizar as actividades cotiás dun xeito máis relaxado, aproveitar que temos máis tempo para pararnos e disfrutar daquelas tarefas que en circunstancias normais hai que facer a toda présa e poden ser estresantes.



Axudar nas tarefas da casa xa que é unha boa ocasión para que se fagan máis responsables e autónomos e que aprendan a facer cousas tan útiles como as que aprenden no colexio.

- ✚ Adicar un tempo, a ser posible ás mesmas horas, ao traballo do colexio.
- ✚ Alternar actividade física, xogos movidos e xogos tranquilos.
- ✚ Alternar momentos compartidos en familia, cos irmáns, con momentos de xogo solitario ou traballo autónomo.
- ✚ Sobre todo procurar manter a calma e intentar ter unha actitude tranquila .



ACTIVIDADES

Moitas destas actividades traballan e fomentan a mellora de máis dun ámbito.

Mellora da lectoescritura

- Dedicar cada día un tempo á lectura de textos variados: cómics, contos, noticias, poesías, chistes. Buscar sempre textos que lles motiven.

Para mellorar a velocidade lectora e a comprensión:

<https://aprenderespanol.org/lecturas/lecturas-ejercicios.html> .


Son lecturas interactivas que están graduadas por niveis de dificultade.

Tamén onde pon páxina principal ten exercicios interactivos de gramática que poden ser interesantes.

- Facer lecturas en alto e mesmo gravar algunha lectura para que se escoiten.
- Falar sobre o que leu, contalo coas súas palabras.
- Copiar coa mellor letra posible algún fragmento que lle gustara.
- Inventar frases con algunha palabra que lle chame a atención.
- Facer debuxos de poesías..

Exemplos de poesías:





POESÍA: "DENTRO DE UNA PERA"

Dentro de una pera
vivía un gusano,
si tenía hambre
le daba un bocado.
Tanto, tanto tanto
la mordisqueó,
que al cabo de un tiempo
sin casa quedó.





Mellora da memoria

- Memorizar números e palabras.
- Memorizar frases cun número crecente de palabras.
- Memorizar poesías, cancións, chistes, refráns. Intenta aprender estes refráns e comprender o seu significado. Traballamos tamén o **razoamento verbal**.


<https://drive.google.com/file/d/1ut2EtXfzfZimRvyf3GN2MT0amDfi39of/view>

- Memorizar as **táboas de multiplicar**. Un xogo interactivo para memorizalas: <https://www.tablasdemultiplicar.com/>

Mellora da atención e das funcións executivas

Practicamente todas as actividades que se propoñen son boas para o desenvolvemento das funcións executivas.

- Realizar puzzles .
- Facer construcións seguido modelos ou libremente.
- Facer **sopas de letras**. Traballamos tamén **vocabulario**. Xogo de sopas de letras online: <https://juegosinfantiles.bosquedefantasias.com/sopas-letras>
- Construir un Tangram e facer distintas figuras con el.
Aquí vai un modelo para que fagas:



Tamén pode usar de referencia un xogo de Tangram online,

<https://jugarconjuegos.com/habilidad/tangram-online.html>

- Facer construcións seguido modelos ou libremente.
- Xogos de cartas. Por exemplo: recordar a ubicación de cartas. Colocalas boca arriba, que as observe un momentinho e darlles a volta e intentar lembrar onde están.
- Xogar ao parchís ou á oca en familia.



Mellora do razoamento verbal

- Resolver adiviñas:

<https://www.orientacionandujar.es/wp-content/uploads/2018/02/COLECCION-DE-320-ADIVINANZAS-INFANTIL-Y-PREEESCOLAR.pdf>

- Buscar intrusos en grupos de palabras.
- Encontrar absurdos en expresións(Collín o paraugas porque facía sol...)
- Facer actividades para traballar a empatía:

<http://www.autismonavarra.com/wp-content/uploads/2015/05/escenas-sociales-el-sonido-de-la-hierba-al-crecer.pdf>

Mellorar o cálculo e o razoamento lóxico matemático

- Aproveitar as actividades cotiás para mellorar a noción de número e reforzar conceptos básicos numéricos .Contando obxectos familiares, comparando onde hai máis, menos, igual número, canto falta para...
- Realizar cálculos con obxectos da casa.
- Facer series ascendentes e descendentes de números(Partir dun número e irlle sumando, restando, multiplicando...) En función da idade.
- Xogar á calculadora humana, cronometrando e ver as operacións que é capaz de facer.
- Resolver problemas matemáticos adaptados ao nivel.

Nesta páxina hai actividades online relacionadas con todos estes aspectos. Hai que seleccionar o curso

<https://es.ixl.com/math/3-primaria>

Mellora da motricidade fina e grossa

- Amasar plastilina, facer figuriñas con ela.



- Colorear debuxos utilizando pinturas, pinceis...
- Ensartar bolas, macarróns e facer colares.
- Recortar figuras, debuxos, facer collages con papeis de revistas...
- Atar cordóns, facer trenzas...
- Xogar ás estatuas e ao espello (un fai de espello e ten que imitar a postura do compañeiro)
- Xogar a lanzar e a recibir a pelota.
- Saltar á pata coxa ou cos pés xuntos.
- Facer equilibrios.
- Bailar ao ritmo dunha canción.

Mellorar a relaxación

- Poñer unha música suave e deitados escoitala cos ollos pechados.
- Facer exercicios de respiración consciente (enchémonos de aire, mantemos un tempo e expulsamos pola boca).
- Facer todas aquelas cousas que nos aportan tranquilidade no tempo de lecer e que varían en función dos gustos persoais.

Agardamos que todas estas actividades sexan de proveito e sirvan para facer máis levadeira esta situación que nos ten a todos un pouco confundidos e preocupados.

Un saúdo,

A profesora de PT.